

## Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

**Juan Manuel Fajardo Recouso**, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**.

A pesar da propaganda do Partido Popular, ao respecto do incremento dos recursos adicados a Renda de Integración Social de Galicia, a realidade é que ano tras ano, a xestión da mesma continúa deixando a moitas familias na estacada.

Un ano máis, os retrasos acumulados para percibir a prestación, son superiores aos seis meses, provocando dramas inaceptables ás persoas que os sofren, sen que dende a consellería se articulen medidas suficientes para paliar esta situación, ademais temos que engadir que ante a nova lei de inclusión, dende a administración autonómica estase a incrementar de forma moi importante a revisión da percepción da RISGA as persoas que xa son beneficiarias, procedéndose de oficio a resolver moitas prestacións, por meros erros de tramitación, situación de convivencia, ou incluso pola deficiente información procedente do INEM cando se trata de compatibilizar esta prestación con algún traballo eventual.

Por todo isto, **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, formula a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión**:

Cantas persoas solicitaron a RISGA dende comezo do 2015 e cantas destas reciben a día de hoxe a prestación?

Cal é o número de denegación de solicitudes da RISGA no 2015?

Cantas persoas deixaron de percibir a RISGA por resolución da administración cando xa eran beneficiarias?



Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2015.

Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 21/09/2015 18:38:46**